

CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN CURROS ENRÍQUEZ PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES ARREDOR DA OBRA DE CURROS ENRÍQUEZ E MANTEMENTO DA FUNDACIÓN.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade,

DECLARA:

Que a Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa FUNDACIÓN CURROS ENRÍQUEZ o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- A realización de diversas actividades culturais durante o ano 2022 que teñen como eixo central a divulgación e promoción da obra de Curros Enríquez e outros autores vencellados a vila de Celanova.

Actuacións:

1- ROTEIROS CULTURAIOS POR CELANOVA E OS SEUS ARREDORES

A Fundación Curros Enríquez promove a realización de roteiros culturais entre distintos colectivos. Neste ano 2022 vaise traballar coa literatura de Celanova a través dos autores máis recoñecidos como son Manuel Curros Enríquez, Celso Emilio Ferreiro e Xosé Luís Méndez Ferrín, Roteiro ‘Celanova: pedra e poesía’ e ‘Celanova: un paseo pola historia de Galicia’.

A estes roteiros se incorpora un micro concerto de órgano, consiste nun concerto didáctico dunha duración aproximada de 30 minutos.

2.- PROXECTO CELANOVESES POLO MUNDO: “ONDE O MUNDO SE CHAMA CELANOVA”



Organizarase unha exposición coas biografías dos celanoveses que levan a vila por bandeira, do que Manuel Curros Enríquez ou Celso Emilio Ferreiro foron os máximos representantes.

3.- PUBLICACIÓN “AIRES DA MIÑA TERRA”

Co fin de divulgar a obra de Manuel Curros Enríquez comezarase coa edición e publicación por parte de esta fundación da súa obra máis recoñecida: “Aires da miña terra”.

4- ENTREGA XXXVIII PREMIO “CELANOVA, CASA DOS POETAS”

O domingo seguinte ao aniversario do falecemento de Celso Emilio Ferreiro, celébrase anualmente o acto da entrega do premio “Celanova Casa dos Poetas”. Consiste na recepción do premiado, unha intervención sobre o poeta e un recital amenizado por un grupo musical.

5- LUDOTECA PARA OS MÁIS PEQUENOS.

A Fundación Curros Enríquez organiza ao longo do ano obradoiros destinados aos máis pequenos da vila para o fomento da lectura. Ademais de obradoiros de traballos manuais tamén se realizan contacontos.

6- PRESENTACIÓN DE LIBROS E AUDIOVISUAIS.

A Casa dos Poetas acollerá, neste ano 2022, a presentación das novidades editoriais vinculadas principalmente con Celanova.

7- EXPOSICIÓNS.

Ao longo de todo o ano, o segundo andar da sede da Fundación Curros Enríquez, acollerá unha serie de mostras temporais.

8.- GASTOS DE MANTEMENTO DA FUNDACIÓN

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o convenio que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:



De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto a Fundación Curros Enríquez é a que ten entre os seus fins a promoción e difusión da obra do escritor.

Polo que a Fundación Curros Enríquez é a que posúe a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, así coma o de beneficiaria da actuación subvencionada e interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela

